

# Premios Aprendizaxe-Servizo 2019

## Bases para a presentación de proxectos

---

A **Rede Española de Aprendizaxe-Servizo**, **Educo** e **editorial edebé** convocan os centros de Educación Infantil-Primaria, ESO-Bacharelato e Formación Profesional, así como a entidades sociais do Estado español aos **Premios Aprendizaxe-Servizo 2019**.

### Obxectivos dos Premios

1. Recoñecer o labor dos centros educativos e entidades sociais que integran a aprendizaxe dos estudantes con accións solidarias destinadas a mellorar a calidade de vida da comunidade.
2. Recoñecer as prácticas de Aprendizaxe-Servizo como ferramenta de éxito educativo e compromiso social.
3. Fortalecer e difundir unha cultura participativa, solidaria e de compromiso cívico, estimulando a divulgación e implementación da Aprendizaxe-Servizo.

### Características e requisitos

#### 1. Quen pode participar?

Poderán participar na convocatoria dos Premios Aprendizaxe-Servizo 2019 todos os **centros educativos** do Estado español públicos, concertados ou privados, dos niveis de Infantil-Primaria, ESO-Bacharelato e Formación Profesional<sup>1</sup> que estean a desenvolver prácticas de Aprendizaxe-Servizo.

Tamén poden participar as **entidades sociais** (entidades de educación non-formal, movementos e asociacións xuvenís, clubs de tempo libre e agrupacións *scout*, asociacións de voluntariado, ambientais, culturais etc.) que estean a desenvolver prácticas de Aprendizaxe-Servizo en calquera das comunidades autónomas.

Os centros educativos e entidades sociais que participan deben respectar as leis vixentes e, especialmente, todo aquilo que fai referencia ás medidas de protección da infancia.

Os centros educativos e entidades sociais que foron premiados en anteriores convocatorias non poden volver presentar o mesmo proxecto, pero si poden presentar outros.

Os centros educativos e entidades sociais que quedaron finalistas en anteriores convocatorias poden volver presentar o mesmo proxecto, sempre e cando se realizasen no curso 2018-2019, ou en calquera outro.

Posto que os Premios se dirixen aos sectores educativos non-universitarios, as institucións universitarias non poderán participar presentando proxectos cuxos protagonistas sexan estudantes universitarios, pero poden presentarse como institucións colaboradoras dos centros educativos ou entidades sociais que se presentan a esta convocatoria.

As administracións públicas quedan así mesmo excluídas, aínda que poden presentarse como institucións colaboradoras dos centros educativos ou entidades sociais que si se presentan.

---

<sup>1</sup> Baixo este concepto agrupamos: a Formación Profesional básica; Ciclos Formativos de Grao Medio e de Grao Superior; a Formación Profesional adaptada ou especial e a aprendizaxe de tarefas do alumnado con necesidades educativas especiais; a Formación Profesional en ensinos artísticos, as escolas de adultos e a formación para o emprego.

É indispensable que a presentación do proxecto á convocatoria estea avalada polo **director ou directora da institución** (centro educativo ou entidade social), non só pola persoa responsable do proxecto.

Cada centro ou entidade social pode presentar **tantos proxectos como desexe**, sempre que cumpran as bases aquí expostas.

## 2. Que tipo de proxectos poden presentarse?

Aceptaranse só proxectos de Aprendizaxe-Servizo que se rematasen no **curso 2018-2019**. Polo tanto, non se terán en conta experiencias realizadas e concluídas antes deste período ou ben proxectos aínda non concretados na práctica.

A experiencia de Aprendizaxe-Servizo que se presente debería identificarse cun destes dous modelos:

Modelo A: un proxecto dun grupo-clase (ou grupo de idade ou colectivo concreto no caso de entidades sociais).

Modelo B: un proxecto de todo o centro educativo ou entidade social, compartido con máis centros educativos, ou de calquera outra dimensión superior ao grupo-clase.

Entendemos por **Aprendizaxe-Servizo**:

*Unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun só proxecto, ben articulado, onde os e as participantes aprenden a traballar en necesidades reais da contorna coa finalidade de melloralas.*

## 3. Que se valorará especialmente?

Independentemente do nivel educativo e do tema do proxecto, o xurado valorará especialmente:

1. Estreita vinculación entre as aprendizaxes e o servizo realizado.
2. Autenticidade e relevancia da necesidade social á que atenden os nenos, nenas e mozos e mozas a través do servizo.
3. Participación moi activa das nenas, nenos, mozas e mozos ao longo de todo o proxecto: na investigación de necesidades, o deseño do proxecto, a súa realización e a avaliación final.
4. Estreito traballo en rede entre centros educativos e entidades sociais —e as súas persoas destinatarias— do territorio, para levar a cabo o proxecto con enfoque comunitario e de reciprocidade.
5. Enfoque de xustiza social e dereitos humanos, reforzando a reflexión e o pensamento crítico no alumnado.
6. Proxectos impulsados por poboación en risco de exclusión social.
7. Envergadura do proxecto atendendo á cantidade de nenas, nenos e xente nova implicados, a cantidade de persoas destinatarias do servizo e a duración do proxecto.
8. Servizo desenvolvido fóra do centro educativo ou entidade social, cun impacto visible na contorna e sensibilización/concienciación social da comunidade sobre o problema tratado.
9. Sustentabilidade do proxecto e continuidade do compromiso.
10. Visibilidade do concepto Aprendizaxe-Servizo en tanto que proposta educativa.

## 4. Como se presenta un proxecto?

Cada proxecto presentarase en **formato dixital** e en **calquera das linguas oficiais** do Estado, para o que será necesario:

1. Encher un **formulario** de inscrición en liña dispoñible en [www.aprendizajeservicio.com](http://www.aprendizajeservicio.com).
2. Achegar ao formulario un **documento descritivo** do proxecto (ver Anexo 1). Extensión máxima:
  - Proxectos modelo A: máximo 6.000 palabras e 12 páxinas.
  - Proxectos modelo B: máximo 7.000 palabras e 14 páxinas.
3. Indicar no documento descritivo a ligazón dun **vídeo** sobre a experiencia (ver Anexo 2).

Descartaranse todos os proxectos que excedan as dimensións indicadas ou que non presenten algún dos compoñentes que se especifican no Anexo 1.

## 5. Onde e cando debe enviarse o proxecto?

O formulario en liña e o documento do proxecto que contén a ligazón do vídeo débense presentar a partir **do 12 de marzo ata o 15 de setembro de 2019**, a través da web dos Premios Aprendizaxe-Servizo: [www.aprendizajeservicio.com](http://www.aprendizajeservicio.com)

## 6. Que premios hai?

**3 premios á promoción de hábitos saudables e prevención da obesidade**, coa colaboración de **DKV Seguros**, dotados con 1.500 euros cada un.

**3 premios solidariedade / dereitos humanos ou persoas maiores**, coa colaboración da **Obra Social La Caixa**, dotados con 1.500 euros cada un.

**2 premios ao fomento do apoderamento xuvenil**, coa colaboración da **Fundación Princesa de Girona**, dotados coa participación dunha representación do centro educativo ou entidade social na Xornada que organizará esta Fundación en 2020.

**1 Premio de Aprendizaxe-Servizo na etapa de Infantil-Primaria**, protagonizado por nenos e nenas deste nivel educativo, coa colaboración da OEI (Organización de Estados Iberoamericanos), dotados con material didáctico.

**1 premio ao fomento da lectura**, coa colaboración de **edebé**, dotado con material didáctico.

**1 premio á cooperación ao desenvolvemento**, coa colaboración de **Educo**, dotado con material didáctico.

**1 premio medio natural**, coa colaboración do CENEAM (Centro Nacional de Educación Ambiental), dotado cunha estadía de 4 días no Albergue de Educación Ambiental de Valsaín, Segovia, para 50 alumnos/as e o seu profesorado.

**1 premio á equidade de xénero**, coa colaboración de **Fundación Ana Bella**, dotado con material didáctico.

**1 premio á inclusión**, coa colaboración de **Plena Inclusión**, dotado con material didáctico.

**1 premio á inmigración e convivencia**, coa colaboración da **Asociación Torresco**, dotado con material didáctico.

**1 premio Aprendizaxe-Servizo en educación non-formal**, coa colaboración de **Arci Nature**, dotado con 1.500 euros.

**1 premio Aprendizaxe-Servizo con enfoque cooperativo**, coa colaboración de **GSD Educación**, dotado con 1.500 euros.

**6 premios a 6 deseños de proxectos ApS da cidade de Pamplona (Navarra), organizadora do encontro**, dotados con 1.500 euros os tres primeiros e 1.000 euros os tres segundos, para centros de Infantil-Primaria, ESO-Bachillerato e FP.

**1 premio á incorporación da Aprendizaxe-Servizo ao proxecto educativo global**, coa colaboración da **Rede Española de Aprendizaxe-Servizo**, dotado con material didáctico aportado pola **Cooperativa Abacus**.

Todos estes premios complementáanse, ademais, coa participación de 4 representantes dos centros premiados (2 educadores e 2 alumnos) no evento de entrega de premios. O desprazamento e aloxamento van a cargo das empresas e entidades colaboradoras.

## **7. Compromisos que implican os premios**

A aceptación do premio conleva asumir os compromisos seguintes:

a) Os centros educativos e entidades sociais premiadas comprométese a asistir ao XII Encontro Estatal de Aprendizaxe-Servizo, que terá lugar o 13 de decembro de 2019 en Pamplona, cunha participación mínima —financiada polas empresas e entidades colaboradoras— de 4 persoas (2 educadores e 2 alumnos).

b) O importe dos premios monetarios debe ser investido en desenvolver e estender a experiencia presentada, ou ben empregado para iniciar outra nova. No caso de que a experiencia sexa presentada por máis dun centro educativo ou entidade social, as partes implicadas acordarán como repartir o premio e o xurado entenderá que a presentación da experiencia xa comporta este acordo previo.

## **8. Onde e cando se entregan os premios?**

Os premios entregaranse o **venres 13 de decembro de 2019** no marco do XII Encontro Estatal de Aprendizaxe-Servizo, que terá lugar en Pamplona (Navarra).

O anuncio dos proxectos premiados realizarase durante o mes de novembro de 2019 na web dos Premios Aprendizaxe-Servizo [www.aprendizajeservicio.com](http://www.aprendizajeservicio.com)

## **9. Quen avalía os proxectos?**

O xurado está composto por membros da Rede Española de Aprendizaxe-Servizo, de Educo, de editorial edebé e de empresas, entidades e institucións colaboradoras dos Premios. Participan na avaliación dos proxectos 60 expertos en Aprendizaxe-Servizo.

## **10. Aceptación das bases**

A participación dos centros educativos e entidades sociais nos Premios Aprendizaxe-Servizo 2019 implica a aceptación das bases desta convocatoria, así como as resolucións do xurado, que escollerá os gañadores en única instancia e sen recurso de reconsideración nin de apelación.

Despois de se facer pública a decisión do xurado, todos os proxectos que se presenten a esta convocatoria, independentemente de se foron premiados ou non, poderán ser incluídos nun banco de experiencias e poderán ser publicados polas entidades convocantes en webs, documentos, materiais audiovisuais, materiais pedagóxicos, nos proxectos educativos elaborados en versión papel e dixital, redes sociais etc., co obxectivo de dar difusión ás boas prácticas de Aprendizaxe-Servizo que se realizan en España.

# Formulario de inscripción en liña

---

O formulario de inscripción está dispoñible na web [www.aprendizajeservicio.com](http://www.aprendizajeservicio.com) e nel deberase adxuntar o documento do proxecto coa ligazón do vídeo.

## Anexo 1: Modelo de documento de proxecto

---

### Requisitos

- a) Para acceder á convocatoria é necesario presentar un documento que describa o proxecto, xunto co formulario de solicitude de participación, ambos en formato dixital e acompañados dun vídeo da experiencia.
- b) En calquera caso, tratarase dun proxecto que se levou a cabo na práctica, non dunha idea aínda pendente de concretar.
- c) O documento **non deberá exceder as 12 páxinas nin as 6.000 palabras** para os proxectos do modelo A (ver Bases). Nos proxectos do modelo B poderase incluír unha introdución a modo de marco xeral de 2 páxinas; en total un máximo de **14 páxinas e 7.000 palabras**.
- d) Poderanse incorporar esquemas, fotos, todo tipo de ilustracións e ligazóns a outros documentos en liña, coa condición de que non se supere nin o número de páxinas nin o número de palabras.
- e) O documento deberá describir necesariamente os apartados que se detallan a seguir:
  - 0. Marco do proxecto (Esta introdución é **só** para os proxectos do modelo B.).
    - 1. Sinopse do proxecto, ligazón do vídeo e vinculación cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
    - 2. Necesidade social que atende o proxecto.
    - 3. Necesidades educativas dos mozos e mozas.
    - 4. Dimensión do servizo e descrición das tarefas que inclúe.
    - 5. Obxectivos educativos / competencias e vinculación curricular.
    - 6. Actividades de aprendizaxe e de reflexión.
    - 7. Participación e protagonismo dos mozos e mozas.
    - 8. Traballo en rede requirido polo proxecto.
    - 9. Celebración e difusión.
    - 10. Calendario e descrición das fases do proxecto.
    - 11. Recursos necesarios para impulsar o proxecto.
    - 12. Avaliación do proxecto.

### Orientacións para redactar o proxecto

#### 0. Marco do proxecto

**Atención: Este apartado só é para os proxectos do modelo B.** Destinarase a describir a envergadura do proxecto do xeito máis claro e conciso posible, nunha extensión **non superior a 2 páxinas ou 1.000 palabras**. Especificarase a relación e coordinación existente entre as entidades/centros participantes no proxecto, ou ben o esquema xeral de todos os proxectos que se articulan.

Os seguintes apartados referiranse exclusivamente a un proxecto concreto, aínda que no apartado 0 se citen máis dun.

## 1. Sinopse do proxecto, ligazón do vídeo e vinculación cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

a) **Sinopse:** debe conter unha breve e clara introdución ao proxecto, **que non supere as 150 palabras**, na que se describa resumidamente o servizo que levaron a cabo os participantes, así como as aprendizaxes vinculadas.

**Exemplo:** Os alumnos e alumnas de 3.º da ESO, despois de estudar a situación de marxinación dos nenos e nenas relacionados coa lepra no sur da India, organizan e levan a cabo "**Correndo con JAL**", unha **carreira solidaria cuxa finalidade é recoller fondos** para apoiar as olimpíadas anuais que monta esta ONG para os nenos e nenas de Pondy cherry que padecen marxinación social. Reciprocamente, os nenos e nenas destinatarios ensínanlles aos nosos alumnos o **Kabaddi**, un dos xogos deportivos máis populares na India. Na carreira participan tamén como corredores os mozos e mozas dos outros niveis de Secundaria.

b) **Vinculación aos ODS:** soamente se debe citar, de maneira sintética, a que Obxectivos de Desenvolvemento Sostible se vincula o proxecto.

**Exemplo:** Este proxecto vincúlase aos seguintes ODS:

Obxectivo 1: fin da pobreza

Obxectivo 3: saúde e benestar

Obxectivo 4: educación de calidade

Obxectivo 17: alianzas para lograr obxectivos

c) **Ligazón do vídeo:** XXX

d) **Premios aos que se presenta o proxecto:** débense citar só tres premios, por orden de preferencia (as opcións deben coincidir coas que se sinalen no formulario de inscrición).

**Exemplo:** Este proxecto preséntase aos seguintes premios:

1) En primeiro lugar, ao premio á inclusión.

2) En segundo lugar, ao premio ao medio natural.

3) En terceiro lugar, ao premio á solidariedade / dereitos humanos.

## 2. Necesidade ou problema do contorno que atende o proxecto.

Describir brevemente o reto, problema, déficit ou necesidade concreta do contorno (cultural, asistencial, educativo, ambiental, sanitario, dereitos humanos...) no que incidiu o proxecto e sobre o cal traballaron os mozos e mozas participantes.

**Exemplos:** Marxinación de determinados colectivos de persoas; degradación de espazos urbanos; situación de illamento das persoas maiores; abandono de mascotas e malos tratos animais; alta porcentaxe de obesidade da localidade...

## 3. Necesidades educativas dos mozos e mozas que desenvolven o proxecto.

Xustificar a idoneidade do proxecto de acordo ás necesidades educativas dos mozos e mozas.

**Exemplos:** Conflitos de convivencia na aula, actitudes pouco respectuosas dos mozos e mozas cara ás persoas maiores; necesidade de traballar competencias clave como a comunicación lingüística, a competencia matemática, a ciencia, a ecoloxía etc.; falta de adestramento das habilidades de traballo en grupo...

## 4. Dimensión do servizo e descrición das tarefas que inclúe.

Descrición da finalidade e da dimensión do servizo e describir sinteticamente o «mans á obra», é dicir, as principais actividades e tarefas do servizo que realizaron os mozos e mozas e a súa repercusión na contorna, citando, na medida do posible, os resultados tanxibles que se debían alcanzar.

**Exemplo:** O servizo consistiu na preparación, organización e posta en práctica dunha campaña de limpeza do parque veciño, moi degradado, que, ademais, é o único nun barrio de 1.500 habitantes. Para iso, o alumnado tivo que elaborar carteis para colgar nos comercios, elaborar un vídeo de difusión da campaña para colgar nas redes sociais, reunirse coa asociación de veciños e os comerciantes para presentar a campaña e pedir a súa colaboración, conseguir material de limpeza e apoio loxístico por parte do Concello...

## 5. Obxectivos educativos / competencias e vinculación curricular.

Citar aquí os obxectivos educativos ou competencias que o proxecto pretendía fortalecer nos mozos e mozas. Recomendamos citar de maneira sucinta e clara só os 3 ou 4 máis significativos do proxecto.

**Exemplo:** Relativo a unha carreira solidaria, 1) coñecer a situación de marxinación das persoas afectadas pola lepra e os seus familiares e desvelar os prexuízos que existen acerca desta enfermidade; 2) sensibilizarse e comprometerse ante as desigualdades e as inxustizas; 3) aprender a organizar e desenvolver un proxecto solidario no barrio.

A seguir, débese relacionar o servizo que se prestou cos contidos das materias académicas ou espazos curriculares nos que se situou o proxecto, ou ben, no caso de entidades sociais, coas áreas educativas que lle son propias. Recomendamos expresar esta relación nun debuxo ou esquema.

## 6. Actividades de aprendizaxe e de reflexión.

Descrición das principais actividades de aprendizaxe directamente vinculadas ao servizo. Deben ser actividades de aula e tamén de investigación sobre o terreo ou traballo de campo.

**Exemplos:** Investigación e detección das necesidades dun parque público; investigación acerca da alimentación durante a posguerra; estudo das especies vexetais máis adecuadas para rehabilitar un estanque; lectura de *Wonder* e reflexión sobre a marxinación das persoas con discapacidades; elaboración dun mapa mental sobre as causas e consecuencias da obesidade...

## 7. Participación, protagonismo e organización dos mozos e mozas.

Describir aquí como os mozos e mozas participaron e foron protagonistas, tanto no inicio do proxecto como durante o seu desenvolvemento e avaliación.

**Exemplos:** Maneira na que o grupo decidiu o proxecto ou ben o fixo seu, repartición de tarefas e control da súa execución, control e valoración dos resultados, presentación das accións e dos resultados...

## 8. Traballo en rede requirido polo proxecto.

Enumeración das entidades, centros ou institucións que comparten o proxecto, explicando cal é o seu papel nel e como se coordinan entre elas.

## 9. Celebración e difusión.

Describir como se mostrou/celebrou o resultado do proxecto: festa, acto de recoñecemento, encontro cos destinatarios, espazo nas actividades de final de curso do centro...

Tamén hai que expoñer que medios e estratexias que se utilizaron para dar a coñecer o proxecto na contorna e entre as familias: web, reunións informativas, redes sociais, prensa, dípticos, televisión...

## 10. Calendario e descrición das fases do proxecto.

Presentar un esquema temporal do desenvolvemento do proxecto cunha breve descrición das súas fases.

## 11. Recursos necesarios para impulsar o proxecto.

Resumir os recursos específicos que se mobilizaron neste proxecto (materiais, económicos, humanos...), tanto os do centro educativo como os da entidade social, na medida do posible.

## 12. Avaliación do proxecto.

Citar as conclusións da avaliación realizada do proxecto, tanto na súa dimensión pedagóxica como na súa dimensión de servizo (se se alcanzaron ou non os obxectivos propostos, as dificultades detectadas...), así como mencionar o nivel alcanzado de participación dos protagonistas, a valoración que fai a entidade social ou as persoas destinatarias, puntos fortes e puntos por mellorar do proxecto etc.

## Anexo 2 - Bases para a presentación do vídeo

---

### Obxectivo do vídeo

O vídeo que acompaña o documento descritivo do proxecto de Aprendizaxe-Servizo ten como finalidade ilustrar o proxecto, especialmente a súa posta en práctica; recoller aqueles aspectos que as e os participantes desexen destacar e contribuír á difusión do proxecto concreto e de Aprendizaxe-Servizo, en xeral.

### Requisitos

1. Só se presentará un vídeo por cada proxecto de Aprendizaxe-Servizo presentado.
2. O vídeo debe ser descritivo do proxecto e os autores deberán utilizar imaxes e bandas sonoras libres de dereitos.
3. Non se admiten vídeos que traten temáticas distintas ao proxecto presentado, que teñan contidos publicitarios ou contrarios aos valores éticos que inspira a pedagogía de Aprendizaxe-Servizo.
4. Aceptaranse e valoraranse especialmente as reportaxes breves e noticias do proxecto difundidas por canles de televisión.
5. Os vídeos débense subir a YouTube ou Vimeo en modalidade «público» e poñer a ligazón no documento do proxecto que se presenta á convocatoria.
6. Valoraranse especialmente aqueles vídeos que, mantendo a finalidade de ilustrar claramente o proxecto, teñan **unha duración breve, non superior a 5 minutos**.

### Responsabilidades legais

1. Os responsables do proxecto deberán asegurarse de dispoñer do consentimento das persoas que aparecen no vídeo e do dos pais, nais ou tutores/as legais dos nenos e nenas menores de idade<sup>2</sup>.
2. A **Rede Española de Aprendizaxe-Servizo, Educo e editorial edebé** entenden que os centros educativos e entidades sociais que participan nesta convocatoria contan con este consentimento debidamente asinado polas familias ou tutores/as legais e, por tanto, declinan calquera responsabilidade.
3. Os autores dos vídeos aceptan adherirse á licenza Creative Commons (by-nc-nd)<sup>3</sup> e, polo tanto, son coñecedores de que as obras que envíen ao concurso poden ser utilizadas por todo o que queira sempre que cite a fonte (autor/a, centro educativo ou entidade social e data).
4. A **Rede Española de Aprendizaxe-Servizo, Educo e editorial edebé** declinan calquera responsabilidade legal relacionada co contido dos vídeos presentados, co incumprimento en materia de propiedade intelectual, industrial ou de imaxe e co cumprimento parcial das bases desta convocatoria por parte das e os participantes, sendo os autores/as os únicos responsables legais do vídeo e dos seus contidos.
5. A participación neste concurso implica a aceptación e o compromiso do cumprimento destas bases.

---

<sup>2</sup> Atendendo ao artigo 18.1 da Constitución, regulado pola Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, sobre o Dereito ao Honor, á Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe; e ao artigo 18.4, regulado pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

<sup>3</sup> Recoñecemento - Non Comercial - Sen Obra Derivada (by-nc-nd).